



**CIG-Saúde consolídase como a primeira forza sindical no Sergas
tanto en número de representantes como e número de votos obtidos**

A CIG GAÑA ESPECTACULARMENTE AS ELECCIÓN SINDICAIS NOS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS

A CIG gañou as eleccións sindicais celebradas o mércores 18 de abril nos centros sanitarios do Sergas dunha forma espectacular, incrementando notablemente tanto os delegados e delegadas electas como o número de votos totais acadados.

CIG-Saúde era xa a primeira forza sindical do sector, pero ensancha agora a distancia respecto das demais organizacións sindicais. Os delegados obtidos polas diferentes forzas son os seguintes:

ORGANIZACIÓN	ELECCIÓN S 2007	ELECCIÓN S 2003
CIG-SAÚDE	54	44
CEMSATSE	40	37
CSIF	34	33
CCOO	31	34
UGT	31	31
SAE	25	23
<i>OUTROS</i>	23	18
TOTAL	238	220

Considerando o número de votos obtidos, o resultado é igualmente unha mostra da enorme confianza depositada no noso traballo sindical por unha importante maioría dos traballadores e das traballadoras do sector sanitario público, como podemos observar nestes datos:

ORGANIZACIÓN	ELECCIÓN S 2007	ELECCIÓN S 2003
CIG-SAÚDE	3.925	3.257
CEMSATSE	2.998	2.757
CSIF	2.769	2.501
CCOO	2.410	2.628
UGT	2.466	2.213
SAE	2.105	1.868

Insistimos por elo en agradecer o masivo apoio dado nestas eleccións á nosa alternativa sindical por eficacia, por compromiso e por coherencia, o que nos axudará a continuar na loita por unhas mellores condicións de traballo, por un recoñecemento xusto do desempeño profesional e por un sistema sanitario público que é patrimonio irrenunciabile de toda a sociedade.

Vigo, a 19 de abril de 2007

Asdo/ Xoán Cons
Secretario Xeral CIG-Saúde